

STES-INTERSINDICAL
Organización de Mujeres



8 DE MARZO 2013

DIA INTERNACIONAL DAS MULLERES



**ACTIVIDADES PARA
INFANTIL, PRIMARIA E
SECUNDARIA
8 DE MARZO DO 2013**

educación infantil e primaria

INTRODUCCIÓN A LAS ACTIVIDADES 8 MARZO 2013

Cada 8 de marzo, a Asemblea de Mulleres do STEG prepara unhas unidades didácticas para traballar na aula. Este ano, no seu lugar, queremos presentarvos a nosa Guía de Corresponsabilidade "A CORRESPONSABILIDADE TAMÉN SE ENSINA", que pretende proporcionar un material didáctico que conciencie a toda a comunidade educativa sobre a necesidade e o beneficio xeral que supón aplicar a corresponsabilidade no ámbito familiar e escolar.

A nosa organización social cambiou pero as tarefas e responsabilidades do fogar e a familia seguen sendo asumidas maioritariamente polas mulleres, manténdose estruturas de organización familiar e social non válidas nin acordos co progreso e as aspiracións dunha sociedade global e xusta. Estas circunstancias reteñen a muller no tradicional papel de axente coidador, que debe dobrar a súa xornada e converterse en "malabarista dos tempos", reforzando unha barreira para ela, como potencial traballadora, ante o mercado laboral, e á vez, afasta ao home do seu desenvolvemento integro, como pai, fillo, ser autónomo e responsábel.

Prendemos con este guía que, partindo do concepto de corresponsabilidade, poidades reflexionar sobre a vosa propia implicación e valorar os beneficios que supón para todas e todos levar á práctica as distintas actuacións que vos propomos.

Obxectivos

- 1- Estender a toda a comunidade educativa a importancia da corresponsabilidade para modificar as actitudes sexistas da sociedade.
- 2- Adquirir ferramentas básicas para pór en funcionamento os proxectos de igualdade elaborados ou por elaborar nos centros educativos.
- 3- Facer interpretar a corresponsabilidade como unha das ferramentas fundamentais para traballar a igualdade "en" e "desde" os centros.
- 4- Coñecer os termos básicos relacionados coa igualdade e o non sexismo.
- 5- Fomentar a corresponsabilidade entre o alumnado.
- 6- Impulsar a corresponsabilidade "entre" e "desde" o profesorado.
- 7- Animar á práctica da corresponsabilidade nas familias, sexan do tipo que sexan.
- 8- Entender a corresponsabilidade non só para as tarefas do fogar, senón tamén nos coidados de persoas dependentes.
- 9- Facer reflexionar á comunidade educativa sobre as vantaxes da corresponsabilidade e dos prexuízos da súa "non práctica".

educación infantil

Os contos ensinan.

Escollemos 4 contos tradicionais que se lerán na clase, relacionándoos coas tarefas domésticas. Entón, tras a lectura explicaráselles que esa situación é inxusta para lles pedir que debuxen unha escena do conto cambiando o papel.

"Cincenta" (Farase fincapé no seu papel de coidadora do fogar tras quedar viúvo o seu pai e merecedora por iso do príncipe).

"Brancaleves" (Reiterase o estereotipo de nena condenada ás maldades dunha segunda esposa porque o papá viúvo non podía facerse cargo dela).

"Carapuchiña Vermella" (Recalcarase a tarefa da nena como coidadora dunha avoa enferma e como responsábel pola súa desobediencia da vida de ambas as dúas, así como do papel salvador do home no conto).

"Peter Pan" (Subliñárase a consideración minimizada e mitificada da inmaduridade dos homes, así como a conseguinte caracterización de espírito aventureiro e arriscado fronte á imaxe sensata e conformista coas circunstancias da muller).

educación primaria

¿Qué traballo queremos?

Imos pedir que pinten dúas viñetas: unha muller no seu traballo e un home no seu traballo.

A continuación, pedímoslles que debuxen unha muller na casa e un home na casa.

E por último, mostrámoslles fotografías que van romper a súa idea sobre o reparto do traballo e as tarefas do fogar.

A profesora ou profesor pregunta: "Son normais estas imaxes? Por que?" E tras escoitar a resposta de todo o alumnado, explicaralles a necesidade de entender que ambas as dúas son necesarias para que a sociedade sexa igualitaria para os homes e as mulleres.

Representamos a corresponsabilidade

Metodoloxía

A tarefa consistirá en dramatizar un conto no que se traballe a corresponsabilidade (por exemplo: "Como a lía a familia García", "As aventuras de Rocío e Toni"). O obxectivo é facer unha representación a final de curso, por iso ten que ser un traballo continuado ao longo dos meses no que se implicará o profesorado que así o desexe.

No primeiro trimestre levarase a cabo unha lectura explicativa do conto ou contos por parte das alumnas e alumnos, a fin de entender a mensaxe principal.

No segundo trimestre realizarase o reparto de papeis tanto para actuar como para a realización de traxes, escenario, etc. procurando que este reparto se faga con base á corresponsabilidade, é dicir, que non sexan as nenas as que pinten ou cosan e os nenos quen fagan os traballos de montaxe, maquetación, etc.

O terceiro trimestre vaixe dedicar ao ensaio e representación do conto.

propuesta didáctica

educación primaria

A dobre xornada.

A dobre xornada é unha das consecuencias que soportan as mulleres cando non hai corresponsabilidade. Imos facer unha proba.

Metodoloxía

Organizamos a clase en grupos de 5 persoas. A profesora ou profesor, 2 alumnas e 2 alumnos serán os responsábeis de arbitrar e cualificar as probas. Imos simultanear distintas tarefas, para comprender o que significa a dobre xornada.

Materiais

Calcetíns, lapis, botóns, teas.

Proba 1. Saltamos y pensamos. Unha persoa de cada grupo terá que saltar á corda mentres responde a preguntas sobre cuestións básicas de gramática que terán elaborado as persoas responsábeis de cualificar. As cuestións deben ser sinxelas e estar ao alcance dos coñecementos do alumnado.

Proba 2. Cantamos y cosemos. Dúas persoas de cada equipo deben coser botóns nunha tea mentres teñen que adiviñar o nome das cancións de actualidade, coñecidas polo alumnado, que lles farán escoitar as súas compañeiras e compañeiros.

Proba 3. Contamos y organizamos: Unha persoa de cada grupo responderá a sinxelas operacións matemáticas mentres emparella os calcetíns, previamente colocados nunha morea desorganizada, dos compañeiros e compañeiras do seu grupo que previamente estarán nun montón desorganizado.

Como vedes, é bastante complicado facer varias tarefas á vez. IMOS BUSCAR SOLUCIÓNS para que as mulleres non teñan que responsabilizarse soas delas.

Presentámosvos unha táboa con tarefas diarias dentro de calquera familia. En grupos de 3 completarádela e coa axuda do voso profesorado, buscaredes solucións que repartan as actividades e o coidado da familia dunha maneira máis corresponsábel. Non esquezades ter en conta dúas cousas: que existen medidas que a Administración e as empresas poden achegar (a vosa mestra ou mestra informaravos diso) e que todos os membros da familia deben contribuír a este novo reparto de responsabilidades (vós tamén).

Situacións diarias	Quén o fai?	Solucións que darías
Levar ás fillas e/o fillos ao colexio cando coincide co horario laboral		
Ir ao banco pola mañá		
Asistir á xuntanza coa titora ou titor en horario laboral dos proxenitores		
Facer compra, preparar comida		
Lavar, tender e pasar o ferro á roupa		
Pasar a ITV do coche		
Acompañar unha filla ou fillo ao médico/a		
Atender o coidado das avoas ou avós		
Facer a declaración da renda e entregala		
Levar a filla ou fillo a comprar roupa		
Levar á filla ou fillo a actividades complementarias		

educación secundaria

DIFERENZAS NO USO DO TEMPO		
Ambos sexos	TOTAL	22h 53'
	Coidados persoais	11h 29'
	Fogar e familia	3h 0'
	Estudos	0h 39'
	Traballo remunerado	2h 47'
	Tempo Libre	4h 57'
Mulleres	TOTAL	22h 53'
	Coidados persoais	11h 26'
	Fogar e familia	4h 7'
	Estudos	0h 39'
	Traballo remunerado	2h 9'
	Tempo Libre	4h 32'
Homes	TOTAL	22h 54'
	Coidados persoais	11h 33'
	Fogar e familia	1h 54'
	Estudos	0h 39'
	Traballo remunerado	3h 25'
	Tempo Libre	5h 23'

¿A qué dedicamos o noso tempo as mulleres e os homes?

Metodoloxía

Organizados en grupos paritarios de 4 persoas analizaremos os datos da táboa e responderemos ás seguintes cuestións:

- A que dedican os homes máis tempo? Por que?
- Quen dedica máis tempo ao coidado de fogar e da familia? ¿Por que?
- Canto tempo máis dedican os homes ao traballo remunerado do que as mulleres?
- De canto tempo libre máis dispoñen os homes do que as mulleres?
- Credes que este reparto do tempo é corresponsábel e xusto?
- Elaborade e expoñede ao resto de grupos 5 razóns sobre as consecuencias negativas deste reparto para as mulleres.

O refraneiro e o reparto de tarefas

Como todas e todos sabedes, os refráns son sentenzas breves que ensinan ou aconsellan como actuar no día a día. Así pois, transmiten ideas que recollen da sabedoría popular baseada nas experiencias e costumes xeneralizadas. A continuación, imos construír un novo refraneiro, que sexa reflexo da sociedade igualitaria e xusta que queremos transmitir e que, ao mesmo tempo, dea conta das necesidades actuais.

Metodoloxía.

a) En grupos reducidos e paritarios leremos os seguintes refráns:

- “Nai morta casa desfeita”
- “Á muller moi caseira o seu home ben a queira”
- “Busca muller que saiba guisar e coser”
- “A boa esposa, limpa, sa e facendosa”
- “A muller e a sartén na cociña están ben”
- “Home cociniña, medio home, medio maricasíña”
- “A muller debe gobernar a casa e o home a caixa”
- “Se unha vez te pos a varrer xa non varre a túa muller”
- “As mulleres fíen e non estuden”
- “Se tes fillas comerás chulas”
- “A filla é a herdade para a ancianidade”
- “Nai, que cousa é casar? Fillas: fiar, parir e chorar”
- “Os homes e as pitas pouco tempo nas cociñas”
- “Aquela é boa muller, a que varre a súa casa ao amencer”
- “A fiar e coser gaña a súa vida a muller”
- “O amor da muller, na roupa do home bótase de ver”

b) Completade a seguinte táboa coa atribución de tarefas que se aprecian nos refráns, e extraede características persoais que se derivan deles. Podedes seguir o exemplo da táboa:

c) Debateredes en gran grupo, as conclusións extraídas

TAREFA	MULLER	HOME	Características MULLER	Características HOME
TECER	SI	NON	DELICADEZA, MAÑA	
DEFENDER	NON	SI		FORTALEZA, VALENTÍA

d) Buscaredes outros refráns no voso contorno, preguntando a avoas e avós, pai e nai, e elaboraredes unha lista de refráns que sigan esta liña.

PPor último, ides crear refráns ocorrentes que defendan a coresponsabilidade no fogar, como por exemplo “Se eu paso o ferro e ti lavas, o próximo día fago eu a colada”. Con eles elaboraredes un grande mural que colgaredes en clase.

A coresponsabilidade tamén se ensina na casa

* Visionar este video en familia puede aclarar algunhas cousas:

<http://www.lavozdigital.es/videos/ocio/sociedad/2019131365001-nina-queja-todos-juguetes-sean-rosa.html>

Actividades (fillas e fillos)

• Analizaredes as tarefas diarias que se realizan na casa, quen as fai e canto tempo leva. Hai diferenzas no reparto das tarefas de rapazas e rapaces?

Exemplo: Facer a cama, coidar a menores, pór a mesa, mercar, tender a roupa, recoller o baño, etc.

• A partir da táboa, faremos unha redistribución e reparto equitativo de tarefas. Estabeleceremos a rotación destas: fregar, tirar lixo, pasear o can, etc. e tarefas en equipo: cocinar, coidar do bebé, mercar, etc.

	FILLO	FILLA
TAREFAS DIARIAS		



Corresponsabilizámonos coas nosas avoas e avós

• Repasaremos as tarefas que realizan a avoa e o avó na casa e pensaremos cales destas poderíamos asumir para lles quitar traballo.

Exemplo: Facer a comida, recoller do colexio, coser a roupa, coidar da gata, lavar a roupa, quitar o po, etc.

• Se hai persoas maiores dependentes na casa, quen coida delas? Non se trata de axudar a quen o fai: hai que ser corresponsábel dos coidados.

AVOA	AVÓ

Practicamos a corresponsabilidade na miña casa?

Imos avaliar como se practica a responsabilidade na nosa propia casa. Para iso faremos seguimento atento durante unha semana da vida da nosa familia e anotaremos nesta táboa as nosas observacións. Cando acabe a semana, imprimirémola e poñerémola nun lugar visíbel, por exemplo a porta do frigorífico. A continuación toda a familia elaborará unha nova táboa que sexa máis corresponsábel.

NA MIÑA CASA	NAI	PAI	AMBOS
Preparar o almorzo			
Preparar o xantar			
Fregar os cacharros ou preparar o lavalouzas			
Facer a compra			
Facer a lista da compra			
Organizar o menú diario			
Facer as xestións bancarias			
Limpar os cristais			
Limpar os baños			
Recoller a roupa despois da ducha			
Limpar o po			
Facer as camas			
Pór a lavadora			
Tender a roupa da lavadora			
Repasar a roupa			
Ordenar a roupa de armarios			
Mercar roupa para fillas e fillos			
Decidir as compras relacionadas co vestiario da familia ou decoración da casa			
Falar co profesorado de fillas e fillos			
Revisar as tarefas escolares de fillas e fillos			
Facer amaños de roupa			
Facer amaños de mantemento da casa (fontanería, electricidade, etc.)			
Levar a fillas e fillos ás actividades extraescolares			
Organizar as vacacións			
Manter os automóviles "a punto"			
Coidar as plantas da casa			
Coidar os animais da casa			
Decidir facer unha limpeza a fondo			
Acompañar avoas e avós ao centro de saúde			
Atender tarefas domésticas de avoas e avós dependentes			
Atender hixiene de persoas maiores dependentes			
Preocuparse de que cada persoa teña o que lle gusta			
Organizar o tempo de lecer da familia (ir ao cine, ver un partido de fútbol, un musical,...)			

proposta didáctica